



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS 2025-2026

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública pola que se oferta á cidadanía a participación e inscrición nas actividades sociais que se desenvolverán dende outubro de 2025 a maio de 2026.

Nestas bases regúlanse os criterios que segue o departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños para a preinscrición, inscrición e participación nas actividades que organizan atendendo ás necesidades específicas do propio concello e tendo en conta as características das persoas destinatarias tanto no referente a idade como a outros aspectos específicos que inciden no desenrolo das actividades co obxectivo de promover a saúde física e mental, o benestar emocional, a independencia e a participación social.

Estas bases faranse públicas na páxina web municipal.

Así mesmo, poderase obter información no teléfono do Concello de Cabana de Bergantiños 981754020.

2. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES SOCIAIS

1. Terán prioridade as persoas solicitantes que estean empadroadas no Concello de Cabana de Bergantiños no momento da preinscrición. As persoas empadroadas en concellos limítrofes poderán preinscribirse e optar as prazas, de ser o caso, que queden libres.
2. As persoas participantes nas actividades deberán ter cumpridos 18 ou mais anos de idade e, no caso do obradoiro de memoria, ter 55 ou mais anos de idade ou cumprilos antes de finalizar o ano 2025.
3. A concesión da praza implica a asistencia a actividade. Un 40% de faltas sen xustificar mensualmente significará a perda automática de praza na actividade.
4. Todas as actividades teñen un número mínimo e máximo de prazas. O número mínimo deberase manter ao inicio e durante o desenvolvemento da actividade; en caso contrario poderá suspenderse. Non se iniciará ningunha actividade que no teña como mínimo 10 participantes. O número máximo de prazas dependerá de cada actividade.
5. A participación nas actividades supón aceptar as condicións establecidas para cada actividade, así como o estrito cumprimento do seu horario e das directrices e instrucións marcadas polo persoal técnico municipal e polo monitorado responsable.
6. O uso do móbil durante o desenvolvemento das actividades debe ser respectuoso e considerado, evitando interrupcións e distraccións para un mesmo e para os demais. Recoméndase manter o móbil en silencio para favorecer un ambiente tranquilo.
7. As persoas participantes nas distintas actividades sociais están obrigadas ó bo uso e conservación dos espazos, medios ou material que utilicen.
8. O custo do material das actividades que o requiran será a cargo da persoa participante.
9. As baixas nas actividades así como os cambios nos datos da ficha de inscrición deberán ser comunicadas no departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

10. As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán indicalo no momento da preinscrición e terán que xustificalo coa presentación do certificado de discapacidade ou grao de dependencia no departamento de Servizos Sociais unha vez confirmada a praza.

En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.

As persoas dependentes que precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo no momento da confirmación da praza e, se padecen algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica da actividade na que está inscrita deberá achegar informe médico dirixido ao departamento de Servizos Sociais na semana posterior ao momento da confirmación da praza. No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida atoparse nalgunha destas circunstancias, o departamento de Servizos Sociais poderá requirirle expresamente a achega do certificado médico ou un documento equivalente.

11. As persoas que participan nas actividades:

- Declaran que son certos os datos que aportan e fan constar que non padecen ningunha enfermidade que os incapacite para á práctica da actividade na que se inscriben.
- Autorizan a toma de fotografías, gravacións de imaxes e rexistros de son e a poder difundilas a través dos medios de comunicación audiovisuais, redes sociais, xornais ou para súa utilización en folletos, outros soportes de promoción ou calquera tipo de documento que publique o concello. No caso contrario, teñen que indicar que non autorizan.
- Autorizan á comprobación e consulta de datos no padrón municipal.
- Aceptan que a organización resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunos.
- Coñecen e aceptan todas e cada unha das condicións das bases reguladoras das actividades.

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Cabana de Bergantiños. Os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. O Concello está autorizado a trasladar os datos do solicitante á persoa xurídica que preste a actividade.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3. PRAZO E LUGAR DE PREINSCRICIÓN

Prazo de preinscrición	Do 2 ao 11 de setembro de 2025 A partir das 9:00 h. do martes 2 de setembro ata as 14:00 h. do xoves 11 de setembro.
Modo de preinscrición	Preinscrición online As persoas que teñan dificultades de acceso a internet poderán facer a preinscrición de forma presencial , de 9:00 a 14:00 horas.
Datas de inicio e remate das actividades	A - Actividade anual: 01/10/2025 – 28/05/2026 1C - Actividade 1º cuatrimestre: 01/10/2025 – 30/01/2026 2C - Actividade 2º cuatrimestre: 02/02/2026 – 28/05/2026 1T - Actividade 1º trimestre: 01/10/2025 – 19/12/2025 2T - Actividade 2º trimestre: 12/01/2026 – 27/03/2026 3T - Actividade 3º trimestre: 06/04/2026 – 28/05/2026

4. ADMITIDOS/AS NAS ACTIVIDADES E LISTAXE DE AGARDA

As prazas outorgaranse por rigorosa orde de preinscrición.

A **confirmación da praza** comunicárase por **correo electrónico**.

En caso de que algunha actividade supere a ratio de admitidos, elaborárase unha listaxe de agarda segundo a orde de preinscrición. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo a orde numérica.

As persoas solicitantes que se atopen nesta listaxe de agarda serán avisadas telefonicamente cando queden prazas vacantes. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico e, de non conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

5. CARNÉ MUNICIPAL

É imprescindible para a participación en calquera actividade social.

O pagamento do carné municipal realizarase no momento previo á preinscrición nas actividades.

Terá unha validez de setembro a agosto.

6. ACTIVIDADES



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTIVIDADES SOCIAIS NAS PARROQUIAS – 2025/2026

PARROQUIA	LOCAL	ACTIVIDADE	DÍA	HORA
ANOS	Escola unitaria	Obradoiro de memoria (A)	Luns	17:30 – 19:00
		Manualidades (A)	Mércores	18:30 – 20:00
		Cestería (A)	Xoves	16:00 – 18:00
BORNEIRO	Local social	Actividade física (A)	Luns	20:30 – 21:30
		Obradoiro de memoria (A)	Martes	19:00 – 20:30
		Cestería (1T+2T)	Mércores	18:30 – 20:30
		Arranxos florais (3T)	Mércores	20:00 – 21:30
CANDUAS	Local social	Coiro (A)	Martes	16:00 – 17:30
			Martes	17:45 – 19:15
		Manualidades (A)	Mércores	16:30 – 18:00
			Xoves	16:30 – 18:00
		Macramé (1C)	Luns	16:00 – 17:30
		Ganchillo (2C)	Luns	16:00 – 17:30
CESULLAS	Centro de maiores	Cestería (A)	Luns	16:00 – 18:00
			Venres	16:00 – 18:00
		Ioga (A)	Martes e venres	9:15 – 10:05
				10:10 – 11:00
				11:05 – 11:55
		Obradoiro de memoria (A)	Xoves	17:00 – 18:30
CORCOESTO	Local social	Coiro (A)	Luns	18:00 – 19:30
		Cestería (A)	Martes	18:30 – 20:30
		Manualidades (A)	Xoves	20:30 – 22:00
CUNDÍNS	Local social	Cestería (A)	Luns	18:30 – 20:30
		Manualidades (A)	Xoves	18:30 – 20:00
		Macramé (1T+2T)	Venres	18:00 – 19:30
		Arranxos florais (3T)	Mércores	16:00 – 17:30



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTIVIDADES SOCIAIS NAS PARROQUIAS – 2025/2026

PARROQUIA	LOCAL	ACTIVIDADE	DÍA	HORA
NANTÓN	Centro Íntegro	Obradoiro de memoria (A)	Luns	19:15 – 20:45
		Manualidades (A)	Martes	16:00 – 17:30
		Actividade física (A)	Xoves	19:00 – 20:00
O ESTO	Local social	Actividade física (A)	Luns	19:00 – 20:00
		Obradoiro de memoria (A)	Xoves	19:00 – 20:30
		Labores (A)	Venres	16:00 – 17:30
RIOBÓ	Local social	Coiro (A)	Luns	16:00 – 17:30
		Obradoiro de memoria (A)	Martes	17:00 – 18:30
		Actividade física (A)	Mércores	18:00 – 19:00
SILVARREDONDA	Local social	Manualidades (A)	Martes	18:00 – 19:30
		Actividade física (A)	Xoves	20:30– 21:30
		Macramé (1T+2T)	Luns	18:00 – 19:30
		Arranxos florais (3T)	Mércores	18:00 – 19:30

ACTIVIDADES MUSICAIS NAS PARROQUIAS - 2025/2026

LOCAL	ACTIVIDADE	DÍA	HORA
RECTORAL DE NANTÓN	Canto (A)	Martes	10:00 – 11:30
ESCOLA DE VELA	Pandeireta (A)	Xoves	18:00 – 19:00
			19:00 – 20:00